

ACTA NÚM. 1 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR CUALIFICADOR PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL TÉCNICO-A MEDIO EN INSTALACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS (Sistema Nacional de Garantía Xuvenil).

Proceso selectivo: 1 técnico-a medio en instalación, mantemento e reparación de equipos informáticos _ Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Na Sala de Xuntas do Concello de Rianxo, ás 10:00 h do día 26/11/2025, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a contratación de 1 Técnico-a medio en instalación, mantemento e reparación de equipos informáticos_SNGX do Concello de Rianxo, segundo as bases e aprobación do Tribunal aprobados pola Resolución da Alcaldía núm. 1.353/2025 do 18/11/2025 coa seguinte composición:

Presidenta: M^a Aurora Rodríguez Rey, AEDL auxiliar municipal (II)

Vocal: Carlos Ces Ozores, enxeñeiro en informática (I)

Vocal: Enrique Manuel López González, Técnico de medioambiente (II)

Secretaria: Vicenta A. Campaña Martínez, auxiliar administrativa municipal (C2)

A Presidenta declara constituído o Tribunal e dá conta dos antecedentes deste proceso:

Primeiro: o día 18 de novembro de 2025 o alcalde asinou a oferta de emprego correspondente para a súa presentación na oficina de emprego de Boiro que se envía nese día á oficina de emprego.

Segundo: o día 21/11/2025, recibíuse o resultado da dita oferta que incluía a 8 persoas; o 26/11/2025 recibíuse unha nova listaxe cun total de 9 aspirantes.

Terceiro: entre os días 24 e 25 de novembro realizáronse as chamadas e enviáronse correos electrónicos ás persoas aspirantes da listaxe recibida informándoas de que tiñan que recoller no Servizo de Emprego a documentación correspondente ao proceso: bases de selección e Anexo II (declaración responsable); no momento de recollida desta documentación xa se lles informa de que deberán presentar a través do Rexistro municipal (de xeito presencial ou a través da Sede Electrónica) a documentación necesaria tanto para a xustificación do cumprimento dos requisitos mínimos como para a valoración dos méritos que desexen alegar para a fase de concurso.

Cuarto: presentan a documentación requirida no Rexistro Xeral 5 das 9 persoas aspirantes incluídas na listaxe recibida do Servizo Público de Emprego e quedan eliminadas do proceso as outras 4 persoas aspirantes.

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 798.196 exp. 2025/E001/000022

O motivo desta sesión é a constitución do tribunal e establecer aquelas cuestións necesarias para a realización do proceso que non están recollidas nas bases de selección nin no decreto de aprobación destas:

1. Establecer a data e hora para a realización da proba práctica que se realizará o xoves 27/11/2025 ás 10:00 horas na Aula de Informática do Centro Sociocultural Auditorio de Rianxo.
2. Comunicar esta información ás persoas aspirantes mediante notificación electrónica e chamadas telefónicas.
3. Establecer os criterios de avaliación da proba práctica incluída na oposición.
4. Establecer que, ao longo da exposición correspondente á realización da proba práctica (oposición), se lles pedirá a aquelas persoas aspirantes que non presentaran o xustificante do coñecemento da lingua galega que se expresen nela e isto servirá para que o tribunal valore se se pode entender como APTA ou NON APTA no seu coñecemento.

O tribunal decide rematar esta sesión e reunirse novamente o día 27/11/2025, ás 10:00 horas, para facer as probas prácticas recollidas nas bases.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 10:45 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada polos membros do tribunal.